

CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN NUN CURSO INTENSIVO COMBINADO (BIP) NO MARCO DA ACCIÓN DE MOBILIDADES DE CURTA DURACIÓN DO PROGRAMA ERASMUS+

O programa Erasmus+ 2021-27 ofrece unha nova posibilidade ás universidades participantes de financiar os cursos intensivos combinados, en adiante BIP, que inclúen unha formación en liña combinada cunha actividade de mobilidade física para estadías de curta duración de 5 a 30 días, co obxecto de facer un programa máis inclusivo e beneficiar a un maior número de participantes, que non teñan oportunidades de participar en estadías de larga duración.

En virtude do convenio asinado co Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) para os proxectos 2021-1-ES01-KA131-HED-000006401 e 2022-1-ES01-KA131-HED-000056330, e do Regulamento de mobilidade internacional da Universidade de A Coruña,

Convócanse:

11 bolsas Erasmus+ da modalidade Erasmus+ de estadías curtas para participar nos seguintes BIPs:

Sports: benefits for the body and mind, cunha mobilidade presencial do 17-21 abril de 2023 na Alexandru Ioan Cuza University of Iasi (Rumania): 5 bolsas SMS curta duración

Stabilization and seakeeping of large yachts, cunha mobilidade presencial do 05 ao 09 de xuño de 2023 no CMC MARINE da University of Naples Federico II (Italia): 6 bolsas SMS curta duración

A este procedemento aplicárselle a tramitación de urxencia, pola cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos, a efectos de poder seleccionar ao estudantado para preparar a súa estadía.

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE ESTADÍAS DE CURTA DURACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN NO BIP

1. OBXECTO

Ofrecer ao estudantado da Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física da UDC matriculado en programas de grao/master/doutoramento a posibilidade de participar no BIP *Sports: benefits for the body and mind*, cunha mobilidade presencial do 17 ao 21 de abril de 2023 na Alexandru Ioan Cuza University of Iasi (Rumania), e ao estudantado da EPEF da UDC matriculado en programas de grao/master/doutoramento a posibilidade de participar no BIP *Stabilization and seakeeping of large yachts*, cunha mobilidade presencial do 05 ao 09 de xuño de 2023 no CMC MARINE da University of Naples Federico II (Italia).

2. REQUISITOS

- Estar matriculado/a no curso académico 2022-2023 en titulacións de grao, master ou doutoramento da UDC.
- Ter coñecementos acreditados de nivel mínimo B1 en inglés. O coñecemento de idiomas deberá acreditarse mediante a presentación das seguintes certificacións oficiais: <https://www.acles.es/index.php/216-tablas-de-certificados-reconocidos-por-acles>
- Non ter realizado previamente estadías de longa duración Erasmus+ que sumen más de 10 meses no mesmo ciclo de estudos no cal estea matriculado para facer a mobilidade de curta duración.
- Ter sido seleccionado polo correspondente centro da UDC para participar nos BIP citados arriba.

3. DURACIÓN DAS ESTADÍAS

A estadía presencial realizarase na institución de acollida organizadora segundo a duración do correspondente BIP.

4. DOTACIÓN ECONÓMICA

Esta convocatoria finánciase coas axudas orzamentarias convxuntas da Comisión Europea (proxecto KA-131 anos 2021/2023 “2021-1-ES01-KA131-HED-000006401” e KA-131 para os anos 2022/2024 “2022-1-ES01-KA131-HED-000056330”) e da Universidade da Coruña, polo importe inicial previsto de 8830 euros, sen prexuízo de que este importe poida ser incrementado segundo a dispoñibilidade orzamentaria ou de ser posible nutrirse de incorporacións, con cargo á aplicación orzamentaria 08.00.E3.2124.422D.48000.

O máximo total de bolsa por participante standar será de 680 €, e de 950 € por estudiante con menos oportunidades:

- Axuda individual: 350 € (= 70 € por día ata un máximo de 5 días).
- No caso de cumplir unha ou varias das condicións de *estudiante con menos oportunidades* segundo definición do SEPIE: 100 € adicionais (contía única), máis unha axuda de viaxe standar segundo distancia de viaxe (contía única)
- No caso de realizar unha viaxe ecolóxica (tren, autobús..): 50 € adicionais, contía única (non acumulable á axuda de viaxe standar establecida para estudiantes con menos oportunidades). E o importe de axuda individual correspondente a catro días adicionais (total: 280 €) para participante standar ou *a dous días adicionais no caso de estudiantes con menos oportunidades* (140€).

A axuda de viaxe será en función da distancia en Km de acordo coa táboa seguinte, calculada coa ferramenta do programa ERASMUS+: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm.

A “distancia de viaxe” representa a distancia entre a cidade da universidade de orixe e a cidade da realización da actividade en destino, mentres que a “contía” cubre a contribución tanto para a viaxe de ida ao lugar da realización da actividade como para a viaxe de volta.

Distancia de viaxe standar	Contía
Entre 100 e 499 km:	180 EUR por participante
Entre 500 e 1999 km:	275 EUR por participante
Entre 2000 e 2999 km:	360 EUR por participante
Entre 3000 e 3999 km:	530 EUR por participante
Entre 4000 e 7999 km:	820 EUR por participante

Considéranse *estudiantes con menos oportunidades* os tres supostos seguintes:

- Ter sido beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración do Estado no curso académico inmediatamente anterior ao da realización da mobilidade.
- Ter a condición de refuxiados ou con dereito de protección subsidiaria ou ter presentado solicitude de protección internacional en España.
- Ter recoñecida e cualificada legalmente unha discapacidade como mínimo do 33% que deberán indicar no momento da solicitude.

O importe total da bolsa será aboadado por transferencia bancaria á unha conta en España da que sexa titular a persoa beneficiaria, unha vez asinado o convenio de subvención que lle será remitido ao participante desde a Oficina de Relacións Internacionais.

O importe das bolsas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non poderá ter a condición de beneficiario a persoa na que concorra algúna das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

5.1. Presentación de solicitudes

A presentación de solicitudes supón a realización da totalidade dos seguintes pasos:

1. Completar o formulario de solicitude segundo Anexo I desta convocatoria
2. No apartado do formulario “documentos requeridos” deberá achegar a seguinte documentación:



- Certificación de coñecementos de inglés, mínimo B1 completo
- Certificación de estar seleccionado polo centro da UDC para a súa participación no BIP correspondente
- Copia da matricula 2022/23.

Para máis información, poderán dirixirse ao enderezo electrónico outgoing.rrii@udc.es ou riferrol@udc.es

5.2. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e rematará o **24 de marzo ás 23:59** (hora peninsular española).

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicarase a listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo **de cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación, para emendar os errores e a falta de documentación presentando as alegacións a través da sede electrónica da Universidade de A Coruña mediante a instancia xenérica dirixida á Oficina de Relacións Internacionais.

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada pola Comisión de selección segundo os seguintes criterios:

- Nota media ponderada do expediente a 30 de setembro de 2022.
- Acreditación de inglés superior a B1 (B2: 1 punto, C1: 1,5 puntos, C2: 2 puntos).

A Comisión de selección está composta por:

Presidenta: Pilar García de la Torre – vicerreitora de Internacionalización e Cooperación

Secretario: Evaristo Zas – director da ORI

Vogais: Sandra King – técnica de relacións internacionais

Publicada a resolución definitiva de solicitudes admitidas e excluídas e efectuada a selección pola comisión, publicarase a listaxe provisoria de persoas candidatas seleccionadas e a listaxe de agarda. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución a través da páxina web da ORI mediante a instancia xenérica dirixida á Oficina de Relacións Internacionais.

Revisadas as alegacións, a Oficina de Relacións Internacionais elevará a proposta de **resolución definitiva de prazas concedidas, denegadas e lista de agarda** á vicerreitoría de Internacionalización e cooperación para a súa publicación.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 5 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse na sede electrónica da UDC e na web da ORI.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas seleccionadas deberán **formalizar a aceptación ou renuncia** do destino adxudicado enviando á ORI por correo electrónico, outgoing.rrii@udc.es (A Coruña) ou riferrol@udc.es (Ferrol), o documento que figura no anexo II debidamente asinado, **no prazo de 5 días hábiles tras a publicación da listaxe definitiva na web da ORI**.



Ademais, o/a solicitante da bolsa Erasmus+ deberá rexistrar, a través da sede electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>), entrando na sección "xestión económica", facendo click en "Iniciar o trámite" correspondente á liña Alta/Baixa/Modificación terceiros, no mesmo prazo indicado arriba, os seguintes documentos:

Copia DNI/NIE

Certificación orixinal do IBAN da conta bancaria aberta en España da que a persoa solicitante é titular ou co-titular.

As persoas adxudicatarias que NON cumpran debidamente con este trámite en forma e prazo, NON poderán ser beneficiarias da bolsa Erasmus+, e serán consideradas como mobilidades "bolsa cero" (sen axuda financeira).

As persoas que non presenten a súa aceptación ou renuncia en prazo decaerán dos seus dereitos e ocuparán o seu lugar as posibles persoas suplentes, que serán informadas pola ORI.

Unha vez recibida a aceptación do estudiante, a ORI lle comunicará a designación (nominación) deste/a estudiante á universidade de destino.

No caso de viaxe ecolólica, o/a estudiante deberá manifestar o seu interese para a realización deste tipo de viaxe no momento da aceptación da mobilidade.

8. INCOMPATIBILIDADES

A bolsa é compatible con calquera outra bolsa ou axuda obtida para a realización de estudos na UDC, en concreto coa bolsa do MEFP.

A bolsa é incompatible con calquera outra bolsa de mobilidade concedida para o mesmo período.

9. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

- Cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación, e con todas as previstas nas bases desta convocatoria.
- Comunicarse coa ORI a través da conta de correo co dominio *udc.es* e enviar as mensaxes unicamente ás contas de correo outgoing.rrii@udc.es ou riferrol@udc.es identificándose sempre con nome e apelidos e indicando a mobilidade na que se participa.
- Deberán tramitar a seguinte documentación e entregar na ORI a que lle sexa requirida:

ANTES DO INICIO DA ESTADÍA:

- Tramitar a **tarxeta sanitaria europea**. Ademais, é obligatorio contratar un **seguro** de asistencia a que se refire o punto 10 en viaxes. Deberá enviarse a documentación relativa ao período cuberto polo seguro a través do email a outgoing.rrii@udc.es ou riferrol@udc.es.
- Asinar un **convenio de subvención** (indicando se o estudiante ten ou non axuda financeira) que lle será remitido desde a ORI e que deberá estar asinado polas dúas partes (estudiante e coordinador institucional Erasmus) **antes do inicio da estadía**. De non acudir a formalizar o convenio, o estudiante decaerá nos seus dereitos como estudiante de intercambio.
- En caso de **viaxe ecolólica** achegar no momento da sinatura do convenio de subvención, a xustificación correspondente, é dicir billetes de ida e volta e/ou tarxetas de embarque de transporte ecolóxico e, no caso de automóbil eléctrico ou compartido, declaración responsable das persoas que comparten o vehículo, acompañado de evidencias, canto a identificación e características do automóbil, reposición, autoestradas e quilometraxe. Cando só se xustifique a ida da viaxe, quedará á espera da xustificación da viaxe de volta xunto co certificado de fin de estadía para que se realice o pagamento da parte da axuda por viaxe ecolólica.
- Presentar en tempo e forma todos os documentos requeridos pola ORI, incluíndo o **contrato de estudios** para mobilidades de curta duración, segundo o modelo incluído nesta convocatoria, debidamente asinado pola persoa responsable de relacións internacionais do centro, polo estudiante e polo coordinador de destino, con datas **antes do inicio da mobilidade**.
- Realizar a avaliación inicial do idioma estranxeiro a través da plataforma OLS.



En caso de renuncia á bolsa durante o seu período de vixencia, a persoa beneficiaria deberaloo comunicar á persoa responsable de relacóns internacionais do seu centro e ademais á Oficina de Relacóns Internacionais por escrito.

DURANTE A ESTADÍA NO CENTRO DE DESTINO:

- Remitir á ORI e á Administración do seu centro, o contrato de estudos (learning agreement) asinado pola universidade de destino, se non o fixese antes de marchar. En todo caso, a universidade de destino ten que asinar o contrato de estudos (sección “antes da mobilidade” – “LA- Before”) con data anterior ao comezo da mobilidade física do estudante, é dicir, antes da data de inicio das actividades académicas presenciais en destino.
- Permanecer no destino ata o final do período previsto da estadía. En caso de renuncia á bolsa durante o seu período de vixencia, a persoa beneficiaria deberá comunicalo á persoa responsable de relacóns internacionais do seu centro e ademais á Oficina de Relacóns Internacionais por escrito. As renuncias que se producen fóra do prazo establecido e sen xustificación serán motivo de exclusión en posteriores convocatorias e todas as renuncias obrigarán á devolución do importe da bolsa que se recibise.
- Manter o contacto directo periódico coa persoa responsable de relacóns internacionais do seu centro a través da dirección electrónica do dominio da UDC.
- Someterse ás mesmas normas que os/as estudiantes da universidade de destino canto aos requisitos de conduta e resultados nas aulas.

UNHA VEZ FINALIZADA A ESTADÍA

- Presentar á ORI seguindo as indicacóns o certificado de realización da estadía, orixinal e asinado e selado pola universidade de destino, sen emendas nin riscaduras. As persoas beneficiarias acreditarán a estadía efectiva e a súa duración mediante o citado certificado. As datas de chegada e partida definitivas que aparezan neste certificado serán as que se terán en conta á hora de xustificar a estadía real.
- Presentar á ORI os xustificantes orixinais da viaxe ecolóxica, no seu caso.
- Cubrir e enviar a enquisa UE (*EU Survey*) en liña nos **30 días naturais** posteriores á recepción da invitación para cubrila. A UDC poderá requirir ao alumnado que non cumprimente e envíe a enquisa UE en liña o reembolso da axuda financeira concedida, de ser o caso.
- Presentar á ORI o certificado académico cos resultados obtidos nas actividades académicas do BIP.

10. SEGUROS

Os estudiantes deberán dispoñer dunha cobertura de seguro adecuada para realizar a súa mobilidade e serán responsables de contratar os seguros que figuran máis abaixo, necesarios para cubrir os riscos derivados da súa estadía. En particular, deberán ter en conta o seguinte:

- a) Seguro médico. A cobertura de seguro médico é obligatoria. Para os estudiantes que realicen a súa mobilidade dentro dun estado membro da UE será suficiente con obter a tarxeta sanitaria europea (TSE).
- b) Seguro de accidentes, asistencia en viaxe e responsabilidade civil. Os estudiantes de calquera dos programas de mobilidade internacional deberán contratar, antes do inicio da estadía, un seguro que inclúa as seguintes coberturas mínimas: transporte ou repatriación sanitaria, transporte ou repatriación do asegurado falecido, desprazamento de familiar acompañante no caso de enfermidade, estadía dun familiar acompañante, interrupción da viaxe por defunción dun familiar, desprazamento dun familiar acompañante por falecemento e responsabilidade civil.

O/a estudiante será responsable de deixar na ORI un documento que acredite a contratación destes seguros e de que estes seguros cumplan os requisitos dos apartados anteriores.

11. SINATURA DE DOCUMENTOS

Os documentos que precisen ser asinados polo alumnado nesta convocatoria deben asinarse con sinatura dixital, polo que o alumnado deberá solicitar, se non o ten, o certificado de persoa física ou posuér un lector de DNI electrónico.

12. PAGAMENTO DA BOLSA

O pagamento farase nos prazos seguintes:

1º prazo: Iniciarase a tramitación do pagamento do **80% da parte da axuda de apoio individual** antes do inicio da mobilidade, nas condicións que figuren no convenio financeiro que o estudiante debe asinar antes do inicio da mobilidade.

2º prazo: Iniciarase a tramitación do pagamento restante ao finalizar a estadía, no momento en que se cumpran as condicións seguintes:

1. Que o/a estudiante presente na ORI:

- O certificado orixinal de fin de estadía, debidamente asinado e co selo da institución de destino.
- Un exemplar completo do contrato de estudios, asinado en prazo por as 3 partes: o/a estudiante, o/a responsable de RRII do seu centro e o/a responsable da institución de destino.
- Os xustificantes da viaxe ecolóxica, no seu caso.

2. Que o/a estudiante cubra o informe final de experiencia relativo á súa mobilidade na plataforma do “Modulo do beneficiario” da UE, tras recibir no enderezo @udc.es o correo correspondente co aviso da plataforma.

13. REINTEGRO DA BOLSA E PERDA DO DEREITO DE COBRO

A concesión desta bolsa poderá ser revogada ou declararse a perda do derecho de cobro polos seguintes motivos, e suporá que a persoa beneficiaria reintegre as cantidades incorrectamente aboadas:

- Non cumplir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Pola perda da condición de universitario/a, durante todo o período de goce da bolsa.

14. TRANSPARENCIA

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UDC publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das bolsas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á UDC, logo de requerimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

15. PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, sobre a protección das persoas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos devanditos datos (Regulamento xeral de datos Protección ou RGPD), e o artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámossle que os datos facilitados polo interesado mediante a concorrenza a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal. Solicitar unha destas bolsas na Universidade da Coruña implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, segundo a LOPD, aos efectos dunha adecuada xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estos datos coa finalidade antes mencionada cumplirán co deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

(LOPD). Ao concorrer a esta convocatoria, o interesado consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e no Padrado Oficial da Sede electrónica da UDC, segundo o disposto na Disposición Adicional 7^a de Orgánica. Lei 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria quedará publicada nos devanditos Consellos. Os datos persoais conservaranse durante o tempo que sexa necesario para os fins do tratamento e, en todo caso, durante os prazos que estableza a lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demás dereitos previstos na Lei Orgánica de Datos. Protección persoal. O interesado consente o tratamento dos seus datos coas finalidades de cumplir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efecto retroactivo. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao tratamento antes mencionado, así como a solicitar, salvo en casos de interese público e / ou exercicio do poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderán exercitarse mediante solicitude enviada á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001. A Coruña ou por correo electrónico rpd@udc.gal, con referencia "protección de datos", mediante escrito asinado para o efecto, xunto con fotocopia do seu DNI. Tamén pode enviar esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, á mesma dirección postal indicada anteriormente, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Tamén tes dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Para máis información: Oficina de Relacións Internacionais

CAMPUS DA CORUÑA

Casa do Lagar

Campus de Elviña

Tel: 981 167 000 (ext. 1959)

Correo electrónico: outgoing.rrii@udc.es

CAMPUS DE FERROL

Edificio de Apoio ao Estudo

Campus de Esteiro

Tel: 981 337 400 (ext. 3634)

Correo electrónico: riferrol@udc.es

A vicerreitora de Internacionalización e Cooperación,
Pilar García de la Torre

ANEXO I
SOLICITUDE DE MOBILIDADE ERASMUS+ SMS DE CURTA DURACIÓN
CURSO 2022/23

Nome:

Apelidos:

DNI/NIE:

Titulación na UDC:

Centro UDC:

SOLICITO bolsas Erasmus+ da modalidade Erasmus+ estudos para estadías de curta duración para participar no seguinte BIP, no cal fun admitido/a polo meu centro da UDC:

- Sports: benefits for the body and mind*, cunha mobilidade presencial do 17-21 abril de 2023 na Alexandru Ioan Cuza University of Iasi (Rumania)
- Stabilization and seakeeping of large yachts*, cunha mobilidade presencial do 5 ao 9 de xuño de 2023 na University of Naples Federico II (Italia)

Documentación adxunta:

- Copia DNI/NIE
- Matricula universitaria 2022/23
- Certificado de nivel de inglés requerido
- Certificado de admisión no BIP asinado polo/a coordinador/a do BIP.

- Declaro que non participo nunha mobilidade Erasmus+ de larga duración de mais de 10 meses totais no mesmo ciclo de estudos.
- Declaro que cumpro a(s) condición(s) de estudiante con menos oportunidades e aporto certificación(s) correspondente.

A Coruña/Ferrol, a ____ de marzo de 2023
Asinado polo/a estudiante

Dirixida a: Director da Oficina de Relacións Internacionais
A presentar a través do Rexistrio electrónico da UDC.

ANEXO II

ACEPTACIÓN/RENUNCIA DA MOBILIDADE CON FINS DE ESTUDOS DE CURTA DURACIÓN

Quen asina abaixo:

- Declara que coñece, cumpre e acepta as condicións da mobilidade.
- Comprométese a cumplir os termos do contrato de estudos asinado.

Nome e apelidos:**DNI:****Estudante da Facultade/Escola de**

Acepto a mobilidade con fins de estudos de curta duración para o curso académico 20.../20..., concedida para ir a:

Período da mobilidade física: (datas a especificar):

Renuncio á mobilidade con fins de estudos de curta duración para o curso académico 20..../20...., concedida para ir a:

Motivo da renuncia:

DECLARACIÓN RESPONSABLE sobre a bolsa ERASMUS+

Declaro que non solicitei nin se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta bolsa.

Declaro que solicitei e/ou se me concedeu outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta bolsa e que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)	ESTADO*

*No caso de estar pendente a resolución dalgúnha solicitude, indicarase PENDENTE, e informarase por escrito á ORI coa maior brevidade sobre calquera cambio no estado.

No caso de solicitudes denegadas, farase constar DENEGADA.

Declaro que o meu número de **conta bancaria xa** rexistrado na sede electrónica da UDC é **correcto**. Esta conta está ao meu nome e está aberta en España

Realizarei unha viaxe ecolóxica con medio(s) de transporte:

A Coruña/Ferrol,de de 20...

ASINADO



Erasmus+ Learning Agreement

Student Mobility for Studies

General information

Student	Last name(s)	First name(s)	Date of birth	Nationality	Gender
	ESI		Study cycle	Field of education (ISCED)	Field of education (clarification)
Sending Institution	Name	Department	Erasmus code	Country	Administrative contact person name; email; phone
	Universidade da Coruña	Oficina de relaciones internacionales	E LA-CORU01	SPAIN	ORI CAMPUS A CORUÑA outgoing_rrii@udc.es ORI CAMPUS FERROL riferrol@udc.es
Receiving Institution	Name	Faculty/Department	City	Country	Administrative contact person name; email; phone
The level of language competence in _____ [indicate here the main language of instruction] that the student already has or agrees to acquire by the start of the study period is: A1 <input type="checkbox"/> A2 <input type="checkbox"/> B1 <input type="checkbox"/> B2 <input type="checkbox"/> C1 <input type="checkbox"/> C2 <input type="checkbox"/> Native speaker <input type="checkbox"/>					

Mobility type and duration

Mobility type (select one)	Estimated duration (to be confirmed by the Receiving Institution)
<ul style="list-style-type: none"> • Blended mobility with short-term physical mobility <input checked="" type="checkbox"/> 	Planned period of the physical mobility: <ul style="list-style-type: none"> • from [day (optional)/month/year] • to [day (optional)/month/year]

Study Programme at Receiving Institution and recognition at the Sending Institution

Mobility type: Blended mobility with short-term physical mobility

	Component code (if any)	Component title or description of the mobility programme	Short description of the virtual component (obligatory field):	Number of ECTS credits to be awarded	Automatic recognition
					Yes <input type="checkbox"/> No <input type="checkbox"/>
					Yes <input type="checkbox"/> No <input type="checkbox"/>
					Yes <input type="checkbox"/> No <input type="checkbox"/>
				Total: ...	

If the “No” check box is selected for “automatic recognition”, a clear justification needs to be provided and an indication on what other type of formal recognition will be applied e.g. registration in the students’ [diploma supplement](#) or [Europass](#) Mobility Document.

Commitment of the three parties

Any Mobility type

By signing this document, the student, the Sending Institution and the Receiving Institution confirm that they approve the Learning Agreement and that they will comply with all the arrangements agreed by all parties. Sending and Receiving Institutions undertake to apply all the principles of the Erasmus Charter for Higher Education relating to mobility for studies. The Beneficiary Institution and the student should also commit to what is set out in the Erasmus+ grant agreement. The Receiving Institution confirms that the educational components listed are in line with its course catalogue or as agreed otherwise and should be available to the student. The Sending Institution commits to recognise all the credits or equivalent units gained at the Receiving Institution for the successfully completed educational components and to count them towards the student's degree. The student and the Receiving Institution will communicate to the Sending Institution any problems or changes regarding the study programme, responsible persons and/or study period.

Commitment	Name	Email	Position	Date	Signature
Student			Student		
Responsible person at the Sending Institution			Academic coordinator		
Responsible person at the Receiving Institution					

- In case of changes to the learning agreement for mobility types: Blended mobility with short-term physical mobility, please create a new learning agreement***

Glossary

Term	Definition/Explanation
Nationality	Country to which the person belongs administratively and that issues the ID card and/or passport.
The European Student Identifier (ESI)	A unique European Identifier number used to identify and authenticate students using the Erasmus+ Mobile App and/or the desktop version of the app to fill in and sign their online learning agreement. If the sending institution does not issue an ESI for its students an alternative mechanism for identifying and authenticating students can be accepted. For more information, visit the Erasmus Without Paper Competence Centre .
Study cycle	Short cycle (EQF level 5) / Bachelor or equivalent first cycle (EQF level 6) / Master or equivalent second cycle (EQF level 7) / Doctorate or equivalent third cycle (EQF level 8).
Field of education	The ISCED-F 2013 search tool available at http://ec.europa.eu/education/international-standard-classification-of-education-isced_en should be used to find the ISCED 2013 detailed field of education and training that is closest to the subject of the degree to be awarded to the student by the Sending Institution.
Erasmus code	A unique identifier that every higher education institution that has been awarded with the Erasmus Charter for Higher Education (ECHE) receives. It is only applicable to higher education institutions located in EU Member States and third countries associated to the programme.
Administrative Contact person	A person who provides a link for administrative information and who, depending on the structure of the higher education institution, may be the departmental coordinator or works at the international relations office or equivalent body within the institution.
Mobility type: Semester(s)	A study period abroad lasting at least one academic term/trimester or 2 months to 12 months (long-term mobility)
Blended mobility	Any mobility can be carried out as a "blended mobility" by combining the study period abroad with on virtual component at the receiving institution before, during or after the physical mobility to further enhance the learning outcomes.
Short description of a	An indication of whether the virtual component is an online course(s), embedded in a course(s)

virtual component	selected at the receiving institution, embedded in a blended intensive programme and/or other type of online activity at the receiving institution along with component title(s) or short description of the online activity.
Blended mobility with short term physical mobility	If a long-term physical mobility is not suitable, the student may undertake a study period abroad lasting between 5 days and 30 days and combined with a compulsory virtual component to facilitate an online learning exchange and/or teamwork.
Short-term doctoral mobility	A study period abroad lasting between 5 days and 30 days. An optional virtual component to facilitate an online learning exchange and/or teamwork can be added to further enhance the learning outcomes.
ECTS credits (or equivalent)	In countries where the "ECTS" system is not in place, in particular for institutions located in third countries not associated to the programme not participating in the Bologna process, "ECTS" needs to be replaced in the relevant tables by the name of the equivalent system that is used, and a web link to an explanation to the system should be added.
Automatic recognition	All credits gained abroad – as agreed in the Learning Agreement and confirmed by the Transcript of Records – will be transferred without delay and counted towards the students' degree without any additional work or assessment of the student. This is signalled in the learning agreement by the " Yes " check box. If the " No " check box is selected, a clear justification needs to be provided and an indication on what other type of formal recognition will be applied e.g. registration in the students' diploma supplement or Europass Mobility Document .
Educational component	A self-contained and formal structured learning experience that features learning outcomes, credits and forms of assessment. Examples of educational components are: a course, module, seminar, laboratory work, practical work, preparation/research for a thesis, mobility window or free electives.
Level of language competence	A description of the European Language Levels (CEFR) is available at: https://europass.cedefop.europa.eu/en/resources/european-language-levels-cefr
Course catalogue	Detailed, user-friendly and up-to-date information on the institution's learning environment that should be available to students before the mobility period and throughout their studies to enable them to make the right choices and use their time most efficiently. The information concerns, for example, the qualifications offered, the learning, teaching and assessment procedures, the level of programmes, the individual educational components and the learning resources. The Course Catalogue should include the names of people to contact, with information about how, when and where to contact them.
Responsible person at the Sending Institution	An academic who has the authority to approve the Learning Agreement, to exceptionally amend it when it is needed, as well as to guarantee full recognition of such programme on behalf of the responsible academic body. The name and email of the Responsible person must be filled in only in case it differs from that of the Contact person mentioned at the top of the document.
Reasons for deleting a component	<ol style="list-style-type: none"> 1. Previously selected educational component is not available at the Receiving Institution 2. Component is in a different language than previously specified in the course catalogue 3. Timetable conflict 4. Other (please specify)
Reason for adding a component	<ol style="list-style-type: none"> 5. Substituting a deleted component 6. Extending the mobility period 7. Adding a virtual component 8. Other (please specify)